

UNHA PANTASMA BRANCA

Fina Casalderrey



BAÍA EDICIÓN S

A meu pai, in memoriam.
A miña nai.
Eles foron o meu primeiro niño.
A ti,
que non xulgas antes de coñecer.

Conversas nun cuarto de hospital

—**V**aia..., despois do que levamos falado..., non te me irás de aquí sen que saiba como te chamas, non, rapaciño?

—Diego Gamallo. E vostede?

—Xosé Manuel Hermida. Pero atúame, iso é o que fan os amigos!

—É que...

—Que me ves moi vello?

—Non! Non é iso... Prometeume... Promé-
tíchesme que na vindeira primavera virías ao
Couto e que me ensinarías lugares nos que vive
a... a pantasma branca. Non te esquezas!

—Acordareime. E ti lembra todo o que fa-
lamos sobre ela, do beneficosa que é para a
agricult...

—E todo porque se alimenta de ratos!

—E porque os ratos se poden converter nunha terrible praga. De aí que exista dende hai ben tempo unha lei que a protexe.

—Sería por iso polo que era o símbolo da cidade de Atenas na antiga Grecia?

—Os gregos foron moi espelidos en moitas cousas... E segundo datos que puideron atopar na Biblioteca Nacional de París, cando puxeron a súa figura no reverso dun tetradracma de prata, había de ser por algo.

—Coma se fose unha raíña!

—É a raíña da noite. Aprenderás a que-rela.

—Eu aínda non sei moi ben como é. A primeira vez, apareceunos no luscofusco e só puideron ver un vulto branco que se movía moi rápido. Cando ao outro día volví coa miña irmá a Penagrande, non esperaba atopala naquel oco e, xa sabes, asusteime tanto que a piques estiven de romper a cabeza ao querer fuxir. Non me puideron fixar dabondo nela...

—É moi diferente do ser escuro e tenebroso que moita xente imaxina. É espectacular! Ten uns ollos redondos enormes que abren e cerran como persianas silandeiras.

—E que miran de fronte, coma nós...

—Si señor. E que se move lene na calada da noite, coma o caer dunha folla de carballo.

—Aparece sen que a sintamos vir por iso é unha pantasma.

—Xa... Pero nada ten que ver con ese anuncio de desgraza e de morte do que a culpan, nin con esas andrómenas de defuntos que aparecen dando petos no faiado pola noite.

—É que tamén... pega cada berro que...

—Si... iso é certo. É quen de emitir máis de dezasete sons diferentes.

—Non me acorda nin como se chama esa boliña que bota despois de cada dixestión... Termópila era?

—Egagrópila. É máis grande a que expulsa de día onda o pousadoiro. Como vai estar durante as horas de luz sen alimento, come máis a última hora. Pero non te preocupes, estou a piques de rematar un libro sobre pantasmas da noite coma a de Penagrande no que revelo moitos dos seus segredos. En canto estea publicado, ti serás o primeiro en recibilo.

* * *

—**Estou** pensando... Se total ten que botar ese amasillo de ósos e de pelos, por que non os come pelados?

—Así é a natureza...

—Puag, engóleos vivos!

—Que non, Diego! Non me fagas rir que a ti acaban de che quitar os puntos, pero a min aínda me tiran. O que che dicía, que non os come vivos. Primeiro tritúraos coma quen maza o polbo antes de o cocer.

—O que digo eu é que debe de ter unha vista e un olfacto increíbles, porque para sorprenden as vítimas na escuridade...

—Non creas... O que si ten moi desenvolvido é o oído. Ata as orienta de maneira diferente para oír en calquera dirección.

—E que pasa se lle morre a parella? Non dis que non se separan nunca?

—Xa sei por que mo preguntas. Non esteas preocupado, poden chegar a formar unha nova familia. O que pasou, xa pasou... A xente fíxoo por te defender a ti.

—No mesmo lugar?

—Si, claro. Pero insisto en que non te preocupes. É quen de se desprazar a moitos quilómetros

de distancia se onde vive escasea a comida, poño por caso. Sei de dúas irmás que en xuño de 1952 vivían nunha localidade alemá e apareceron, unha en Zaragoza en xaneiro do ano seguinte e a outra foi dar a Ucraína en agosto do mesmo ano.

—Pero cando van maiores, dixéchesme que prefiren unha residencia fixa e eu non sei se esta xa... Cantos anos adoitan vivir?

—Depende... Entre doce e quince é o máis normal.

—No teu libro vas poñer o que me aconteceu con ela?

—Máis ou menos... A min, que a coñezo, non me custará supoñer os apuros que houbo de vivir a pobre antes de pasar o que pasou. Agardo que, cando outras rapazas e outros rapaces saiban máis desta dama da noite, aprendan a querela e axuden a borrar esa xenreira que aínda lle ten moita xente.

—E eu terei que lles contar á avoa e ao avó todo o que sei. Queren cortar o carballo do que...

—Ela non foi culpable de nada.

—Xa, pero...

—Recítalles un anaquiño daquel poema de Alberti, “A voar!”, que di:

Leñador

non cortes o piñeiro

que un fôgar

dorme no seu bico.

—Sabes?, creo que vou ser otonrino coma ti.

—Ornitólogo.

Soa a mensaxeiros da morte. Correde!

A señora Carme buscaba entre as pólas de-
Arramadas. Precisaba duns paus xeitosos
dabondo cos que termar as roseiras do seu xar-
dín. Acompañábana o seu neto Diego e a súa
neta Paula, dúas gotiñas do seu sangue, dúas pin-
gas do seu mar, como ela mesma adoita chamar
a este par de xemelgos.

O que máis enche de fachenda á señora Car-
me son os ollos amendoados con puntos de mel
que herdaron dela mesma. Tamén a vivacidade e
ledicia que expresan.

—Parade de brincar, lacazáns! Contaxiades
máis ca o sarampelo —riu a avoa—. Debiades gas-
tar os folgos botándome unha man, lampantíns!

—Pódese beber esta auga, Miña? —Diego
non tomaba en serio o reproche da avoa.

—Se a bebe o can... —razoou a avoa Carme.

—Puag! —berrou Paula—. Non a bebas! Coco acaba de mexar naquel piñeiro da beira. Seguro que os ouriños chegaron ata o regueiro.

—Non é un piñeiro, é un carballo. Xa vai o pobre cheo de anos e de buratos. Está peor ca min —asegurou a avoa, fretando os ombreiros.

—Ti non tes buratos, avoa! —riu Paula.

Coco, o can da casa, movía o rabo acotío. Había dous días que non paraba de o axitar nun prolongado sinal de benvida. Diego fixo un pequeno xesto e Coco saltou instantáneo ao seu carón. Gustábanlle os alumiños daquelas mans pequenas.

Esas vacacións de Semana Santa, lonxe das obrigas cotiás, serían as máis auténticas e libres da súa vida. Seu pai encerrado no cuarto de solteiro da casa matriz, ben seguro que moi entretido preparando unhas oposicións; súa nai relaxándose cunha amiga nunha viaxe que levaba anos projectando... Serían libres co consentimento pleno da avoa e do avó paternos, sobre todo dela, que era a que máis dispoñía naquela casa. De cando en vez interrompían os seus xogos para escoitar



os cantos doces e vigorosos dos merlos nun maravilloso espectáculo.

—Unha, dúas, tres... nove —a avoa contou as estacas—. Abondan.

Atounas e ergueu a mirada cara ao horizonte. O sol despedíase xa por detrás da torre da auga. Ía deitar e tras de si deixaba unha saba laranxa no ceo.

—Mañá vai vir bo día que me secan moito as mans. A ver se nos deixa botar aínda unhas patacas, antes de que os ratos devoren as da semente.

—Miña, teño moita sede —volveu insistir, mequeiro, Diego—. A ver... Podo beber neste regueiro ou non?

—Non... mellor non. Imos. Bebes na casa, que agora logo chegamos. Estase a facer de noite e, mentres non se derreta a neve nos cumes dos montes, a esta hora arrefría.

De súpeto, algo rompeu a tranquilidade. Comezou a levantarse unha brisa que o sacudía todo e enguliu todas as voces. Só un merlo soaba coma un eco naquela escuridade que aumentaba.

—Axiña, vámonos de aquí!

A señora Carme comezou a facer acenos inútiles, nerviosa, coma se buscasse algo sen ter

perdido nada. Mirou cara á vella torre que se er-
gue na parte alta do monte. Arredor medran os
castiñeiros e os carballos que estrean nestes días
as cores da primavera. Pareceulle que a sombra
escura da noite saía da propia torre. O merlo ca-
lou de vez e o silencio ocupouno todo. Só a auga
do regato continuou a rir entre as pedras. Algún
sapo, ignorando o seu desacougo, deixou oír o
seu canto nocturno para anunciar o bo tempo.

—Que pasa, Miña? —alarmouse Paula—. Que
é o que hai na torre da auga?

—Ssschhhh!! —a avoa limitouse a mandarlle
calar

* * *

Nese intre, un prolongado e agudo berro
soou coma unha chamada, coma unha queixa
que caeu baixo as árbores. Diego agarrouse á
chaqueta da avoa. Paula estarricou asustada unha
manga do seu anorak para acubillar as mans nela,
sen dicir ren. Outro longo e angustioso asubío in-
sistiu na chamada e un estremecemento sacudiu
o corpo da avoa.

—Santo ceo! Soa a mensaxeiros da morte.
Correde!

—Axudámosche, avoa? —falou á fin Paula.

—Non, arránxome soa. Veña, vós correde!

Estalidos de descoñecida procedencia resoaban en diferentes recunchos. Un desacougo invadiu os tres corpos. Nin Paula nin Diego botaron a correr. Camiñaban a carón da avoa que portaba un feixe de estacas sobre o ombreiro coma un albanel levaría a súa esqreira de man. Pouco máis de un quilómetro e xa estarían na casa, a primeira do lugar. Non volveron falar. O medo selara con pegamento os seus beizos. Tras de si, o vento levaba as voces do monte. Coco corría contento subindo e baixando a empinada costa. Permanecía alleo á traxedia que a avoa Carne percibira no aire.

—Agora entendo esas cores de sangue no ceo. Mala cousa...

Deixou as estacas no cuberto e entraron pola porta da cociña. Alí recuperaron a voz. Non tan axiña a cor. Estaban pálidos como se a luz branca da lúa lles pintase a cara.

—Que vos pasa que traedes a face dos mortos? —o avó cortaba rebandas de pan e de queixo cunha navalla.

—Ti non me fas caso, pero hoxe están aquí a rapaza e o rapaz. Pódenche contar o que oíron. Dídelle, filliños, contádelle ao avó. Andas tan pouco por fóra, Paco, que non te decatás de nada —a avoa pedíalles axuda coa ollada.

—Non sei... —falou Paula—. Alguén nos chamaba dende a torre da auga...

—E por que non lle acudistes? —o señor Paco seguía cortando coa súa navalla preferida, a mesma coa que no inverno mataba o tempo facendo tallas nas raíces secas que ía recollendo no outono.

—Nós non viamos ninguén —apoiou Diego—, só sentimos que nos asubiaban.

Coco botaba a lingua axitado polas carreiras. Mirábaos con atención, coma se comezase a percibir os seus medos.

—Ímosllo dicir a papá? —Paula xa saía cara ás escaleiras interiores.

—Non! Deixade traballar o voso pai —a avoa foi rotunda—, ou non quererá volver a esta casa. E ti non cisques migallas polo chan, home. Xa sabes que de noite non me gusta varrer para fóra, dá mala sorte.